Khadim Gueye Fall con D.N.I. 77.547.473. Y, titular do posto 163 do mercadillo de Ribeira cunha ocupación de 5 metros, solicita o día 09/07/2021 con rexistro de entrada 12194, o cambio de titularidade a favor de Vitor Emanuel Loureiros Rodriguez con D.N.I. Y 0.909.313 E. Expediente LIB-000239.

|     |                                   |           |   |                      |
|-----|-----------------------------------|-----------|---|----------------------|
| 163 | LOUREIROS RODRIGUES VITOR EMANUEL | Y0909313E | 5 | CALZADO – CONFECCION |
|-----|-----------------------------------|-----------|---|----------------------|

Anastasio Jimenez Santos con D.N.I. 52.931.224 J, titular do posto 164 do mercadillo de Ribeira cunha ocupación de 6 metros, solicita o día 08/07/2021 con rexistro de entrada 12078, o cambio de titularidade a favor de Israel Jimenez Rivero con D.N.I. 54.227.256 H. Expediente LIB-000238.

|     |                       |           |   |                    |
|-----|-----------------------|-----------|---|--------------------|
| 164 | ISRAEL JIMENEZ RIVERO | 54227256H | 6 | CALZADO CONFECCION |
|-----|-----------------------|-----------|---|--------------------|

Angel Jimenez Santos con D.N.I. 52.935.643 Q, titular do posto 205 do mercadillo de Ribeira cunha ocupación de 5 metros, solicita o día 02/07/2021 con rexistro de entrada 11719, o cambio de titularidade a favor de Cristian Jimenez Santos con D.N.I. 54.224.399 J. Expediente LIB-000227.

|     |                         |           |   |                      |
|-----|-------------------------|-----------|---|----------------------|
| 205 | JIMENEZ SANTOS CRISTIAN | 54224399J | 5 | CALZADO – CONFECCION |
|-----|-------------------------|-----------|---|----------------------|

Leye Moustapha con D.N.I. 52.935.643 Q, titular do posto 303-302 do mercadillo de Ribeira cunha ocupación de 9 metros, solicita o día 07/07/2021 con rexistro de entrada 11970, o cambio de titularidade a favor de Cesar Padilla males con D.N.I. X 3.694.616 B. Expediente LIB-000236.

|         |                     |           |   |                      |
|---------|---------------------|-----------|---|----------------------|
| 303-302 | PADILLA MALES CESAR | X3694616B | 9 | CALZADO – CONFECCION |
|---------|---------------------|-----------|---|----------------------|

#### Relación de solicitudes para renovación

|         |                                   |            |    |                      |
|---------|-----------------------------------|------------|----|----------------------|
| 004     | PINTOS PORTAS SERAFIN             | 35452620Y  | 6  | ALIMENTACION         |
| 054     | VILLANUEVA BAULDE MANUEL          | 35433041T  | 6  | ALIMENTACION         |
| 063 A   | VAZQUEZ CASTAÑO Mª BELEN          | 33279170X  | 2  | ALIMENTACION         |
| 119     | TALLA LO DIOP                     | 78155069B  | 3  | CALZADO – CONFECCION |
| 137     | LOUGZILI TALAA MOHAMED            | 46096875E  | 4  | CALZADO – CONFECCION |
| 149-150 | MOUSTAPHA FAYE ANDY               | Y1304796C  | 12 | CALZADO – CONFECCION |
| 159     | FERRERUELA JIMENEZ TANIA          | 49670103Q  | 3  | CALZADO – CONFECCION |
| 160     | CERQUEIRO SOUTO BELÉN             | 52471028R  | 9  | CALZADO - CONFECCION |
| 163     | LOUREIROS RODRIGUES VITOR EMANUEL | Y0909313E  | 5  | CALZADO – CONFECCION |
| 164     | ISRAEL JIMENEZ RIVERO             | 54227256H  | 6  | CALZADO CONFECCION   |
| 192     | ROSILLO JIMENEZ MIGUEL            | 45955222A  | 4  | CALZADO-CONFECCION   |
| 196     | CHEKH LEYE                        | Y1618799G  | 8  | CALZADO – CONFECCION |
| 203-204 | MONTEIRO SIMOES Mª LEONILDE       | X2256350G  | 10 | CALZADO – CONFECCION |
| 205     | JIMENEZ SANTOS CRISTIAN           | 54224399J  | 5  | CALZADO – CONFECCION |
| 211     | AMINA ERRIFALBIAD                 | 49674878F  | 6  | RESTO ACTIVIDADES    |
| 237     | CASTELO ARCA CARLOS               | 52472388G  | 6  | CALZADO – CONFECCION |
| 251     | QUINTEIRO & QUINTEIRO LDA         | 508850991  | 6  | MUEBLES              |
| 258     | CAMACHO MONTEIRO MAIA RAFAEL      | X0555565T  | 9  | CALZADO - CONFECCION |
| 273     | JIMENEZ GONZALEZ Mª CARMEN        | 71023011T  | 6  | CALZADO – CONFECCION |
| 275     | THIERNO GUEYE MAME                | Y1065890S  | 3  | CALZADO – CONFECCION |
| 276     | JIMENEZ ROSILLO ISRAEL            | 53117394K  | 6  | CALZADO - CONFECCION |
| 303-302 | PADILLA MALES CESAR               | X3694616B  | 9  | CALZADO – CONFECCION |
| 310     | FERNANDEZ FERNANDEZ Mª TAMARA     | 44809054 V | 6  | CALZADO-CONFECCION   |



**SEGUNDO.-** A autorización municipal constitúe o título habilitante para o exercicio 2021, e ampara así a venda ambulante que se ven realizando dende o 1 de xaneiro do exercicio 2017 no mercado periódico que se ven celebrando os sábados na zona Portuaria do Concello ata o 31 de decembro de 2021.

A renovación da autorización realizarase no 1º trimestre natural cada ano. O concello de Ribeira poderá comprobar o estado das condicións que motivaron a adxudicación en calquera momento da vixencia da mesma. Cada ano renovarase o carné de vendedor ambulante, entre o 20 de xaneiro e o 20 de febreiro, esixindo en cada caso a documentación oportuna. **Anualmente terán que acreditar estar de alta na seguridade social, ter subscrito o seguro de responsabilidade civil, non ter débedas pendentes e aboar as taxas municipais correspondentes.**

**TERCEIRO.-** Durante a execución da venda ambulante non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**CUARTO.-** Durante a execución da venda ambulante adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe na actividade o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da actividade autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**QUINTO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da actividade aprecianse desviacións na execución da actividade respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SEXTO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da actividade, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**SÉTIMO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade,*



*salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

#### 16.- DACIÓN DE CONTA DE COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓN DE OBRA MENOR INFORMADA FAVORABLEMENTE O 03.08.2021:

12685 20.07.2021 MANUEL SAMPEDRO CASAIS, sustitución de teja en Olveira, 84.

#### 17.- LICENZA MUNICIPAL para REFORMA E AMPLIACION DE VIVENDA UNIFAMILIAR NO LUGAR DE RÚA SIDREIRAS, Nº 9, RIBEIRA. PROMOTOR: RICARDO MANUEL FERNÁNDEZ MONTES. ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL: 61.500€

**VISTA** a **solicitud** de **licencia urbanística** presentada por **D. Ricardo Manuel Fernández Montes** (DNI 46.842.926-E), rexistrados de entrada os días 5 de febreiro e 26 de xullo de 2021, (Rexistro de entrada nº 1.651 e 12.959) para **reforma e ampliación de vivenda unifamiliar sita na Rúa Sidreiras nº 9, Ribeira**, en parcela con refª catastral nº 0827403NH0102N achegándose Proxecto Básico de xaneiro de 2021 redactado por D. Manuel González González (arquitecto col 3.145).

**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña así como os informes do arquitecto técnico de data 27 de xullo de 2021, do técnico de administración xeral de data 30 de xullo de 2021 e do secretario xeral da Corporación de data 5 de agosto de 2021, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.- CONCEDER** a **D. Ricardo Manuel Fernández Montes** (DNI 46.842.926-E), **LICENCIA URBANÍSTICA (Nº 20/21)** para **reforma e ampliación de vivenda unifamiliar sita na Rúa Sidreiras nº 9, Ribeira**, en parcela con refª catastral nº 0827403NH0102N nos termos do Proxecto Básico de xaneiro de 2021 redactado por D. Manuel González González (arquitecto col 3.145).

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.*
- *Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñacións na franxa sita ao longo do vial, **cunha superficie de cesión en total de 17,92 m<sup>2</sup>**, e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 490,35 € en metálico ou***



**mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.**

- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde.**

**SEGUNDO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**TERCEIRO.-** Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizos.*
- *Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveles sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

**CUARTO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei*



*10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*

- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizárase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*

O

*s servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**QUINTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SEXTO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**OITAVO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**NOVENO.-** Asimesmo a licenza concedida:



- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

#### **18.- CERTIFICACION URBANÍSTICA DE CAMIÑO -Xerardo S. Tarrío Calvo**

**Visto** o escrito presentado por Xerardo S. Tarrío Calvo, en representación de **María Ben Oujo**, de data 22/10/2020 (Rexistro de entrada nº 13.906), no que solicita certificación urbanística de titularidade de camiño situado en Ventín (Palmeira).

**Visto** o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 18/11/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Solicítase certificación de que o camiño con referencia catastral 15074A035090260000KS situado ao Oeste da parcela con referencia catastral 15074A035013050000KG non é público.

Dito camiño consta no catastro antigo, no catastro do ano 2000 e no actual.

Consultado o Inventario de Bens Municipais, aprobado definitivamente en Pleno Municipal de data 26 de febreiro de 2018, dito camiño non figura inventariado como camiño público.

Se presentan fotocopias de escritura de compravenda de dúas fincas: a citada anteriormente e a situada ao Sur da mesma, colindantes entre sí.

Na primeira, polo Oeste, linda con herdeiros de Pilar Fernández. Na segunda, polo Oeste, linda con camiño de carro.

Examinado o plano da finca presentado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Don Xerardo Tarrío Calvo, e cotexándoo co catastro antigo, se constata que dita finca a forma a finca nº 1305 e a subparcela b da nº 1297, camiño no medio.

Personaos no lugar, se encontra que o camiño (servizo) situado ao Oeste está delimitado por muro de pedras onde se sitúa o valo do plano presentado e a parte correspondente á subparcela b está nun plano máis alto. Á vista parece un camiño tradicional de carro en trincheira, separando dúas fincas en planos distintos.

É de resaltar que a finca colindante polo Sur, propiedade da mesma, sí linda con camiño de carro.

Á vista dos datos examinados e os catastros, principalmente o antigo, e sobre todo a inspección visual, todo indica que sí é camiño, e se entende que é público.



#### 19.- CERTIFICACION URBANÍSTICA –Luciano Pérez Rivas

**Visto** o escrito presentado por **Luciano Pérez Rivas**, de data 30/07/2021 (Rexistro de entrada nº 13.344), no que solicita certificación urbanística sobre finca situada en A Rateira - Martín.

**Visto** o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 03/08/2021, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Referencia catastral: 15074A019004850000KM

Vista a documentación obrante no Concello de Ribeira: Catastros novo e antigo, PXOM, cartografía do Inventario de Bens Municipais, e xirada visita de comprobación, se conclúe que:

A finca arriba referenciada se corresponde fielmente ao reflectido no informe pericial do Enxeñeiro Técnico Agrícola D. Xerardo Tarrío Calvo, r que non ocupa vía pública, así como que lindan con camiños públicos municipais.

#### 20.- CERTIFICACION URBANÍSTICA -María Eugenia Argibay Suárez

**Visto** o escrito presentado por **María Eugenia Argibay Suárez**, de data 21/07/2021 (Rexistro de entrada nº 12.796), no que solicita certificación urbanística se solo rústico en parcela situada en Badriñán (Carreira).

**Visto** o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico, Manuel Sabín Sabín, de data 03/08/2021, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

De acordo co PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL de RIBEIRA, aprobado en sesión Extraordinaria celebrada o 17 de decembro de 2002. Ao obxecto de ver a viabilidade do solicitado e axustarse á normativa reseñada, e a Lei do Solo 2/2016, a Disposición Transitoria Primeira, e ademáis para este caso concreto, no que se sinala unha finca de Polígono 821 e número de finca 668 de referencia catastral 15074A821006680000ZO está clasificada como **SOLO RUSTICO**.

#### 21.- CERTIFICACIÓN DE NO TENER ABIERTO EXPEDIENTE DE DISCIPLINA URBANISTICA -José Antonio Vidal Pérez

**Visto** el escrito presentado por **José Antonio Vidal Pérez**, de fecha 05/08/2021 (Rexistro de entrada nº 13.708), en el que solicita certificación de no existencia de expediente de disciplina urbanística sobre edificación situada en Ameixida, 3.

**Visto** el informe jurídico emitido al respecto por el Técnico de Administración General Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de fecha 06/08/2021, la **Junta de Gobierno Local**, por unanimidad de los presentes, **acuerda** informar al solicitante como sigue:

Refª catastral nº 002203900NH01A0001YT



Revisados los archivos obrantes en esta administración, y con independencia de lo dispuesto por otras administraciones, se informa que no consta en las dependencias municipales pendiente de resolver en los últimos seis (6) años, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte a la edificación situada en el Lugar de Ameixida, nº 3, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 002203900NH01A0001YT.

## 22.- SOLICITUDE RESERVA PRAZA ESTACIONAMIENTO PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA - Xurxo Ferrón Vidan

**Visto** o escrito presentado por **Xurxo Ferrón Vidan**, de data 30/07/2021 (registro de entrada nº 13.326), no que solicita a habilitación dunha praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida nun tramo da Estrada Xeral (Castiñeiras), comprendido entre o colexio e o bar.

**Visto** o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 09/08/2021.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar a habilitación dunha praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida nun tramo da Estrada Xeral (Castiñeiras), coa correspondente sinalización horizontal e vertical, a situar entre a farmacia e o bar “Timón”, según o sinalado no citado informe policial.

## 23.- LICENZA PARA ARMAS CATEGORÍA 4ª – RAMÓN ALISEDA JIMÉNEZ

**VISTA** a solicitude presentada por **D. Ramón Aliseda Jiménez, DNI 53481821J**, e domicilio en Os Muiños, Oleiros, nº 21 C Ribeira (A Coruña) para que se proceda ó **registro da pistola de aire comprimido “RAVEN EU 17 D.D. NUPROL GBB 6 MM.**

**ACREDITADO** que o solicitante é titular en servizo activo no exército de terra na escala de suboficiais e que é poseedor da licenza de armas tipo A.

**CONSIDERANDO** que o **Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Armas (RA)** define no seu **artigo 2.2** as armas de aire ou outro gas comprimido como aquelas armas que utilizan como forza impulsora do proxectil a orixinada pola expansión dun gas comprimido.

**CONSIDERANDO** que conforme ao **artigo 3** as armas para as que solicítase licenza no presente expediente considéranse de **4ª categoría**, podéndose englobar nun dos supostos seguintes (concretamente no **2º**):

« 1. Carabinas e pistolas, de tiro semiautomático e de repetición; e revólveres de dobre acción, accionadas por aire ou outro gas comprimido non asimiladas a escopetas.

2. Carabinas e pistolas, de ánima lisa ou rayada, e dun só tiro, e revólveres de acción simple, accionadas por aire ou outro gas comprimido non asimiladas a escopetas».

**CONSIDERANDO** que pola súa banda, o **artigo 54.3 RA** determina que:

«As armas da categoría 4.ª poderanse adquirir e ter no propio domicilio, sen outro trámite



que a declaración da venda, a clase de armas e os datos de identidade do adquirente ao Alcalde do municipio da residencia deste e á Intervención de Armas da Garda Civil».

**CONSIDERANDO** que ademáis do anterior, o 105 RA fala das tarxetas de armas. Concretamente establece que:

«1. Para poder levar e usar as armas da categoría 4.ª fóra do domicilio haberán de estar documentadas singularmente, mediante tarxetas de armas, que as acompañarán en todo caso.

**As tarxetas de armas serán concedidas e retiradas, no seu caso, polos Alcaldes dos municipios** en que se atopen avencindados ou residindo os solicitantes, previa consideración da conduta e antecedentes dos mesmos.

O seu validez quedará limitada aos respectivos términos municipais.

2. As armas incluídas na **categoría 4.ª, 2**, pódense documentar en número ilimitado con **tarxeta B**, cuxa validez será permanente.

Das comprendidas na categoría 4.ª, 1, soamente poderanse documentar seis armas con tarxetas A cuxa validez será de cinco anos.

3. No entanto, a autoridade municipal poderá limitar ou reducir, tanto o número de armas que pode posuír cada interesado como o tempo de validez das tarxetas, tendo en conta as circunstancias locais e persoais que concorran.

4. Os solicitantes da tarxeta A deberán acreditar cumprir catorce anos de idade, a cuxo efecto haberán de presentar documento nacional de identidade ou documentos equivalentes en vigor.

5. A tarxeta de armas se expedirá en impreso, que confeccionará a Dirección Xeral da Garda Civil. En cada impreso poderanse apuntar ata seis armas. Cando se trate de tarxetas B e o número de armas exceda de seis, o interesado poderá ser titular de máis dunha tarxeta.

6. Do impreso destinarase un exemplar ao interesado; o segundo será remitido pola Alcaldía á Intervención de Armas.

**ACREDITADO** que no expediente consta a factura da pistola para a que solicita licenza

A Xunta de Goberno Local, por Delegación da Alcaldía, acorda por unanimidade dos seus membros:

**Primeiro:**-Conceder a **D. Ramón Aliseda Jiménez, DNI 53481821J**, licenza para o arma que se relaciona a continuación:

**“pistola de aire comprimido “RAVEN EU 17 D.D. NUPROL GBB 6 MM”.**

**Segundo:**-Que se proceda a rexistrar a devandita arma no rexistro do Concello e e expida a correspondente tarxeta a nome de **D. D. Ramón Aliseda Jiménez**

**Terceiro:**-Notificalo presente acordo ó interesado para a súa constancia e efectos oportunos.

**Cuarto:**-Comunicar ó presente acordo á Policía Local, así como á Garda Civil, ós efectos previstos no **artigo 54.3 do Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o**



**Reglamento de Armas.**

**24.- ADQUISICIÓN DE PARCELA SITA NO LUGAR DE CUBELIÑOS, PROPIEDAD DE D<sup>a</sup> TOMASA LAMPÓN MARIÑO. EXPEDIENTE 2021 PATR000005.**

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

Na data 23/02/2021, o Alcalde dita Providencia na que fai constar o seguinte: “Na data 17 de novembro de 2015, publicouse no “BOE” a Orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro, pola que se aproban as bases e a primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo de Crecemento Sostible FEDER 2014-2020. Estas axudas diríxense á execución do Eixe 12. Desenvolvemento Urbano do Programa Operativo de Crecemento Sostible (FEDER) e así dar cumprimento ó disposto no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1301/2013, sobre Desenvolvemento sostible no medio urbano. O Pleno da Corporación, en sesión celebrada na data 12/01/2016, acordou a aprobación do documento de “Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) de Ribeira “Máis Ribeira Atlántica 2020 (MRA2020)”, redactado para definir unha estratexia integrada de cidade de carácter flexible totalmente adaptada á realidade territorial e á estrutura institucional e de gobernanza de Ribeira. A referida Estratexia foi seleccionada por Resolución de 12/12/2016, da Secretaría de Estado de Presupostos e Gastos, pola que se resolven definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro. Nela defínense diversas liñas de actuación, entre as que se atopan a liña “LANA14. Posta en valor do patrimonio cultural, natural e turístico”, e da que forma parte o proxecto denominado: “PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE SENDEIRO NO REGO PEDRÍN E RECUPERACIÓN DO SEU ENTORNO NO CONCELLO DE RIBEIRA (A CORUÑA).” A través deste proxecto o Concello de Ribeira pretende recuperar a riqueza natural e cultural da conca alta do rego Pedrín, polo que no citado proxecto de obras inclúese non só a recuperación propia do curso fluvial, senón tamén a proxección dun recorrido a través da servidume de tránsito do rego, definíndose dúas conexións: unha cara o núcleo de Frións, na parroquia de Carreira, e outra cara o parque periurbano de San Roque. A execución das obras contidas no mencionado proxecto afecta a unha serie de parcelas catastrais definidas no mesmo proxecto entre as que se atopa a parcela coas referencias catastrais 15074A008003230000KO e 15074A0080032300011LP. Desta parcela soamente sería necesario a ocupación dunha superficie de 291,04 metros cadrados, non obstante interesa a adquisición da mesma na súa totalidade co fin de poder destinala á execución dun área recreativa que complementa a obra definida no proxecto de acondicionamento do sendeiro do rego Pedrín.”

A este respecto, ordenase o traslado da citada Providencia á Secretaría e Intervención Municipal, a fin de que, previos os trámites oportunos e informes pertinentes, se proceda á aprobación do expediente de compravenda do inmovible referido.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.



- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 08 de abril.
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### PRIMEIRA.-

Segundo o disposto polo artigo 5 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, as Entidades locais para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas respectivas competencias e de acordo coa Constitución e as leis, terán plena capacidade xurídica para adquirir, posuír, reivindicar, permutar, gravar ou allear toda clase de bens. Así mesmo, o artigo 10 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, confire ás entidades locais a potestade para adquirir bens e dereitos a título oneroso con exercicio ou non da facultade de expropiación.

A citada potestade segundo o establecido polo artigo 11 do precitado Real Decreto 1372/1986, esixirá o cumprimento dos requisitos contemplados na normativa reguladora da contratación das Corporacións Locais, e tratándose de inmoables esixirá, ademais, informe previo pericial, e sendo bens de valor histórico ou artístico requirirase o informe do órgano estatal ou autonómico competente, sempre que o seu importe exceda do 1% dos recursos ordinarios do presuposto da Corporación ou do límite xeral establecido para a contratación directa en materia de suministros.

Sen embargo, no presente caso constituído o obxecto da adquisición un ben inmovible, en aplicación do disposto no artigo 9.2 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, configúrase como un negocio xurídico expresamente excluído do ámbito da citada norma, polo que a virtualidade desta limitarase ao amparo do artigo 4 á aplicación dos seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que puideran presentarse, sendo a regulación específica do patrimonio público o corpo normativo que delimitará o procedemento de adquisición directa.

Neste mesmo sentido manifestase o Informe 25/2008, do 29 de xaneiro, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, referente ao réxime xurídico aplicable aos procedementos e forma de adxudicación dos contratos patrimoniais celebrados por unha entidade local, sinalando que o réxime xurídico aplicable aos procedementos e formas de adxudicación dos contratos patrimoniais celebrados por unha entidade local como consecuencia de quedar os mesmos excluídos do ámbito de aplicación da anterior Lei de Contratos do Sector Público (actual Lei 9/2017), é o que resulta das normas establecidas na Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e das normas que a complementan e, en especial, polo Regulamento de Bens das Entidades Locais, así como, no seu caso, polas normas promulgadas sobre tal materia polas Comunidades Autónomas respecto das normas declaradas non básicas, sendo de aplicación as normas sobre preparación e adxudicación de contratos, cando as normas patrimoniais así o expresen.

Por outro lado, o artigo 116.4 da Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, establece que a adquisición poderá realizarse mediante concurso



público ou mediante o procedemento de licitación restrinxida regulado no apartado 4 da disposición adicional décimo quinta, agás que se acorde a adquisición directa polas peculiaridades da necesidade a satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da adquisición resultante de acontecementos imprevisibles, ou a especial idoneidade do ben.

### **SEGUNDA.-**

No referente á competencia para a adquisición directa do ben inmovible, esta segundo o disposto pola Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, corresponderá ao Pleno ou ao Alcalde, segundo si o valor do inmovible supera ou non o 10% dos recursos ordinarios do presuposto, ou o importe de tres millóns de euros.

Polo que respecta ao procedemento e acudindo ao disposto no artigo 11 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, en relación co disposto polo artigo 116.3 da Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, con carácter previo ao acordo do órgano competente será preceptivo o cumprimento dos seguintes trámites:

- 1.- A emisión dun informe ou memoria sobre a existencia do interese público na súa adquisición, e xustificación do procedemento de adquisición directa do ben polas características concorrentes na operación.
- 2.- A emisión dun informe pericial de taxación ou valoración do inmovible.
- 3.- A emisión do informe xurídico sobre a situación de regularidade do inmovible e as condicións da compravenda proxectada.
- 4.- A emisión do informe pola Intervención Municipal sobre a existencia de crédito ao efecto.

### **TERCEIRA.-**

No caso que nos ocupa, trátase da adquisición a título oneroso, por medio dun contrato de compravenda, do inmovible que se describe a continuación, cuxa documentación en relación á propiedade do mesmo foi recadada de oficio polo departamento de secretaria:

***Descrición:** Urbana: Parcela de terreo da extensión de mil novecentos oitenta e nove metros cadrados (1.989 m2), sita no lugar de Cubeliño, parroquia e municipio de Ribeira, que linda: Norte, José María Mariño Paz; Sur, río Pedrín; Este, M<sup>a</sup> Teresa Basoco García; e Oeste, Manuel Genaro Gutiérrez Fernández.*

***Titular do inmovible:** D<sup>a</sup> Tomasa Lampón Mariño, veciña de Ribeira, con domicilio en Cubeliño, n<sup>o</sup> 3, e titular do Documento Nacional de Identidade número 76515963T, en concepto de herdeira dos seus pais, D. Vicente Lampón Sieira e D<sup>a</sup> Francisca Mariño Bretal, titulares do 100% do pleno dominio con carácter ganancial.*

***Título:** Herdanza, en virtude de escritura de partición de herdanza, outorgada na data 23/08/2019, ante o Notario de Ribeira. D. Santiago Botas Ramos, co número 547 do seu protocolo.*



*Inscripción: Non figura inscrita no Rexistro da Propiedade, segundo resulta da Nota Simple Negativa emitida na data 26/02/2021 polo Rexistro da Propiedade de Noia.*

*Referencia catastral: Conta con dúas referencias catastrais 15074A008003230000KO e 15074A0080032300011LP,*

*Clasificación do solo: Conta con dúas clasificacións: solo urbano e solo rústico.*

*Cargas: Non constan.*

Á vista do exposto, resulta determinado o obxecto do contrato así como a capacidade de obrar dos contratistas, constando así mesmo a regularización do inmovible cuxa adquisición se pretende.

#### **CUARTA.-**

En relación ás actuacións formais necesarias para proceder á adquisición por medio de contrato, consta no expediente informe técnico emitido na data 18/11/2020 polo arquitecto técnico Manuel Sabín Sabín, que realiza a seguinte valoración:

*“Según la ORDEN de 28 de diciembre de 2015 por la que se regulan los medios de comprobación del valor de los bienes inmuebles resulta un valor del suelo*

*TOTAL de 41.363,52 euros*

*Según el RDL 2/2008, de 20 de junio, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Suelo, el cual ha entrado en vigor a partir del 20 de julio de 2007 resulta un valor de suelo*

*TOTAL de 40.794,00 euros*

*Según la valoración realizada en la página de valoraciones de bienes inmuebles de la Xunta resulta un valor del suelo*

*TOTAL de 39.473,68 euros.”*

En informe emitido na data 30/07/2021, resulta acreditado polo Sr. Interventor a existencia de crédito pola contía de 39.059,74 euros, na aplicación orzamentaria 933. 60002. Posteriormente, na data 04/08/2021, emítese documento RC polo importe de 40.794 euros. Polo que resulta acreditado a existencia de crédito suficiente e adecuado para a adquisición que se pretende, xa que en conversacións mantidas coa propiedade esta manifesta a súa vontade de vender a parcela polo prezo de 40.794 euros.

Non se trata dun ben de valor histórico ou artístico, polo que non se precisa o informe do órgano estatal ou autonómico competente.

#### **QUINTA.-**

En canto ao procedemento a seguir para a súa adquisición, o artigo 11 RB, ademais de esixir informe pericial previo cando se trata da adquisición de inmovibles, esixe o cumprimento dos requisitos contemplados na normativa reguladora da contratación das Corporacións Locais. A estes efectos, a adquisición dun ben inmovible é un contrato que ten carácter privado da Administración e réxese pola lexislación patrimonial, como así resulta dos artigos 4 e 9 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público. A referida Lei prevé que teñan a consideración de negocios e relacións xurídicas excluídos do ámbito da mesma “Los



*contratos de compraventa, donación, permuta, arrendamiento y demás negocios jurídicos sobre bienes inmuebles, valores negociables y propiedades incorporales, a no ser que recaigan sobre programas de ordenador y deban ser calificados como contratos de suministro o servicios, que tendrán siempre el carácter de contratos privados y se registrarán por la legislación patrimonial.”* E a lexislación patrimonial aplicable ás Entidades Locais na Comunidade Autónoma de Galicia está constituída polos preceptos básicos da Lei 33/2003, do 03 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, e do Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei 33/2003, os preceptos relativos ao Patrimonio da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (que no caso da adquisición de bens a título oneroso tamén se remite á normativa reguladora da contratación), e con carácter supletorio, os preceptos non básicos da Lei 33/2003 e do seu Regulamento e polo Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, o RB antes referido.

Así, e con relación ao procedemento, soamente procede a adquisición directa nos supostos seguintes: polas peculiaridades da necesidade a satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da adquisición resultante de acontecementos imprevisibles ou a especial idoneidade do ben (artigo 116.4 da Lei 33/2003).

Igualmente, poderá acordarse a adquisición directa nos seguintes supostos:

- Cando o vendedor sexa outra Administración pública ou, en xeral, calquera persoa xurídica de dereito público ou privado pertencente ao sector público.
- Cando fora declarado deserto o concurso promovido para a adquisición.
- Cando se adquira a un copropietario unha cuota do ben, en caso de condominio.
- Cando a adquisición se realice en virtude dun dereito de adquisición preferente.

No presente caso, no informe emitido na data 06/07/2021 pola enxeñeira municipal se xustifica a conveniencia da súa adquisición e a especial idoneidade do ben que se pretende adquirir: *“No lugar de Cubeliño, parroquia e municipio de Ribeira, sitúase unha parcela coas referencias catastrais 15074A008003230000KO e 15074A0080032300011LP, propiedade de D<sup>a</sup> Tomasa Lampón Mariño, con DNI número 76515963T. A referida parcela, tanto pola súa superficie como polo seu emprazamento, resulta idónea para a creación por parte do Concello dun área recreativa que complemente a obra definida no proxecto denominado “PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE SENDEIRO NO REGO PEDRÍN E RECUPERACIÓN DO SEU ENTORNO NO CONCELLO DE RIBEIRA (A CORUÑA).”, proxecto incluído no documento de “Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) de Ribeira “Máis Ribeira Atlántica 2020 (MRA2020)”, redactado para definir unha estratexia integrada de cidade de carácter flexible totalmente adaptada á realidade territorial e á estrutura institucional e de gobernanza de Ribeira, e que foi seleccionada por Resolución de 12/12/2016, da Secretaría de Estado de Presupostos e Gastos, pola que se resollen definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro. Así se indica na Providencia da Alcaldía de data 23/02/2021, pola que se inicia expediente administrativo para a adquisición por compravenda da parcela referida co fin de destinala á execución dun área recreativa que complemente a obra definida no proxecto de acondicionamento do sendeiro do rego Pedrín. Estudadas e examinadas as características da parcela, resulta que ten unha superficie total de 1.989 m2. Ademais, está situada á beira do río Pedrín, co que linda polo seu vento Sur, e está valeira de edificacións. Todo isto, é dicir: superficie e situación, unido á súa cualificación urbanística (1.263 metros cadrados de solo*



urbano e 726 de solo rústico), fan que esta parcela sexa especialmente idónea ao obxecto da súa adquisición polo Concello para crear o espazo público de referencia, o que imposibilita a adquisición doutras fincas e xustifica plenamente a imposibilidade de promover a concorrencia de ofertas.”; o que xustifica plenamente o emprego da adquisición directa.

#### **SEXTA.-**

O valor do ben que se pretende adquirir non supera o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento da Corporación (2.000.564,50 euros) nin o importe de tres millóns, segundo resulta do informe emitido polo Interventor, polo que o órgano competente para acorda-la adquisición é a Xunta de Goberno Local, ao ter delegada esta competencia, en virtude do Decreto de delegacións de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

**Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.**

Por elo, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 06/08/2021, e visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 06/08/2021, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Adquirir por adxudicación directa o inmovible descrito a continuación, polo prezo total de 40.794 euros, que se fará efectivo mediante o correspondente talón/cheque nominativo coa sinatura da escritura pública de compravenda:

**Descrición:** Urbana: Parcela de terreo da extensión de mil novecentos oitenta e nove metros cadrados (1.989 m<sup>2</sup>), sita no lugar de Cubeliño, parroquia e municipio de Ribeira, que linda: Norte, José María Mariño Paz; Sur, río Pedrín; Este, M<sup>a</sup> Teresa Basoco García; e Oeste, Manuel Genaro Gutiérrez Fernández.

**Títular do inmovible:** D<sup>a</sup> Tomasa Lampón Mariño, veciña de Ribeira, con domicilio en Cubeliño, n<sup>o</sup> 3, e titular do Documento Nacional de Identidade número 76515963T, en concepto de herdeira dos seus pais, D. Vicente Lampón Sieira e D<sup>a</sup> Francisca Mariño Bretal, titulares do 100% do pleno dominio con carácter ganancial.

**Título:** Herdanza, en virtude de escritura de partición de herdanza, outorgada na data 23/08/2019, ante o Notario de Ribeira. D. Santiago Botas Ramos, co número 547 do seu protocolo.

**Inscripción:** Non figura inscrita no Rexistro da Propiedade, segundo resulta da Nota Simple Negativa emitida na data 26/02/2021 polo Rexistro da Propiedade de Noia.

**Referencia catastral:** Conta con dúas referencias catastrais 15074A008003230000KO e 15074A0080032300011LP,

**Clasificación do solo:** Conta con dúas clasificacións: solo urbano e solo rústico.

**Cargas:** Non constan.

**SEGUNDO.-** O fin do inmovible que se pretende adquirir é para o seu destino ao servizo público, en concreto para proceder á execución dun área recreativa que complementa a obra definida no proxecto de acondicionamento do sendeiro do rego Pedrín, denominado



“PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE SENDEIRO NO REGO PEDRÍN E RECUPERACIÓN DO SEU ENTORNO NO CONCELLO DE RIBEIRA (A CORUÑA)”.

**TERCEIRO.-** As partes vendedoras deberán quedar obrigadas á evicción e saneamento nos termos previstos no Código Civil para o contrato de compravenda.

**CUARTO.-** Inscribir o inmovible adquirido no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo, unha vez perfeccionada a súa adquisición, así como no Rexistro da Propiedade de Noia.

**QUINTO.-** Facultar ao Sr. Alcalde para que subscriba todos os documentos que se deriven do expediente, entre eles a sinatura da escritura pública de adquisición do ben inmovible, sendo por conta do Concello todos os gastos e impostos derivados desta compravenda agás o Imposto Municipal sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana (plusvalía).

**SEXTO.-** Notificar o presente acordo aos interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, significándolles que deberán comparecer no momento en que sexan emprazados para proceder a elevar a escritura pública a adquisición referida.

## 25.- ADQUISICIÓN DE DOUS INMOBLES SITOS NO LUGAR DE CAMPOS, PARROQUIA DE CARREIRA, PROPIEDAD DE D. RAMÓN MOS ÁLVAREZ, CO FIN DE DESTINALOS A AMPLIACIÓN DE VIAL. EXPEDIENTE 2021 PATR000005.

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

### ANTECEDENTES DE FEITO

Na data 29/01/2021, o Alcalde dita Providencia na que fai constar o seguinte: “D. Ramón Mos Álvarez, con DNI número 33161712J, é propietario do seguinte inmovible: “Casa de planta baixa e dous pisos, de 200 metros cadrados, que ten unida pola súa dereita entrando unha casa de planta baixa, antiga e en estado ruinoso, de 91 metros cadrados, e de costas un galpón de 70 metros cadrados e un anaco de terreo denominado “Gabaseira”, de 4 áreas 34 centiáreas, formando o conxunto unha soa finca da superficie total de 7 áreas 4 centiáreas, sita no lugar de Campos, sinalada actualmente co número 28, parroquia de Carreira, municipio de Ribeira; que linda: Fronte, Sur, estrada; dereita entrando, Este, estrada e, en parte, herdeiros de Francisco Suárez Romy e outros; esquerda, Oeste, de Juan e Dolores Millares de Dios; e de costas, Norte, de herdeiros de Francisco Suárez Romy, Juan Prego Vidal e Cipriano Crujeiras Pena. Ten dúas referencias catastrais que son as seguintes: 9100912MH9099N0001BM e 9100911MH9099N0001AM.” As citadas edificacións, unha sinalada co número 28 e outra (a mais antiga) sinalada co número 26 do lugar de Campos, parroquia de Carreira, atópanse na entrada da parroquia de Carreira dende o cruce do Vilar, no lugar denominado Campos, e a súa fachada principal linda coa estrada “DP-7305 De Ribeira a Aguiño por Carreira”, formando unha estreita e pechada curva coñecida co nome de “A Muiñeira”, que constitúe un perigoso funil para os vehículos que circulan pola mencionada estrada. Coa adquisición e posterior derrubo das referidas edificacións propiedade do Sr. Mos Álvarez, poñeríase fin a un problema histórico nun punto no que no paso de vehículos estreitase nunha pechada curva, sen visibilidade ao estar entre edificacións, e sen apenas espazo para os peóns. “



A este respecto, ordenase o traslado da citada Providencia á Secretaría e Intervención Municipal, a fin de que, previos os trámites oportunos e informes pertinentes, se proceda á aprobación do expediente de adquisición dos inmobles referidos.

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Código Civil.
- Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 08 de abril.
- Lei 2/2016, do 10 febreiro, do Solo de Galicia.
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

#### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

##### **PRIMEIRA.-**

**1.1.-** Conforme ao artigo 3 da Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, de carácter básico segundo a Disposición Final 2ª da citada Lei e, por tanto, aplicable ás entidades locais, o patrimonio das Administracións Públicas está constituído polo conxunto dos seus bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza e o título da súa adquisición ou aquel en virtude do cal lle fosen atribuídos.

Segundo o disposto polo artigo 5 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, as Entidades locais para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas respectivas competencias e de acordo coa Constitución e as leis, terán plena capacidade xurídica para adquirir, posuír, reivindicar, permutar, gravar ou allear toda clase de bens.

Así mesmo, o artigo 10 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, confire ás entidades locais a potestade para adquirir bens e dereitos a título oneroso con exercicio ou non da facultade de expropiación, ou por herdanza, legado ou doazón, entre outros.

**1.2.- En canto á adquisición de bens a título oneroso,** segundo o establecido polo artigo 11 do precitado Real Decreto 1372/1986, esixirá o cumprimento dos requisitos contemplados na normativa reguladora da contratación das Corporacións Locais, e tratándose de inmobles esixirá, ademais, informe previo pericial, e sendo bens de valor histórico ou artístico requirirase o informe do órgano estatal ou autonómico competente, sempre que o seu importe exceda do 1% dos recursos ordinarios do presuposto da Corporación ou do límite xeral establecido para a contratación directa en materia de suministros.

Sen embargo, no presente caso constituído o obxecto da adquisición un ben inmovible, en aplicación do disposto no artigo 9.2 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, configúrase como un negocio xurídico expresamente excluído do ámbito da citada norma, polo que a virtualidade desta limitarase ao amparo do artigo 4 á aplicación dos seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que puideran presentarse, sendo a regulación específica do patrimonio público o corpo normativo que delimitará o procedemento de adquisición directa.

Neste mesmo sentido manifestase o Informe 25/2008, do 29 de xaneiro, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, referente ao réxime xurídico aplicable aos



procedementos e forma de adxudicación dos contratos patrimoniais celebrados por unha entidade local, sinalando que o réxime xurídico aplicable aos procedementos e formas de adxudicación dos contratos patrimoniais celebrados por unha entidade local como consecuencia de quedar os mesmos excluídos do ámbito de aplicación da anterior Lei de Contratos do Sector Público (actual Lei 9/2017), é o que resulta das normas establecidas na Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e das normas que a complementan e, en especial, polo Regulamento de Bens das Entidades Locais, así como, no seu caso, polas normas promulgadas sobre tal materia polas Comunidades Autónomas respecto das normas declaradas non básicas, sendo de aplicación as normas sobre preparación e adxudicación de contratos, cando as normas patrimoniais así o expresen.

Por outro lado, o artigo 116.4 da Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, establece que a adquisición poderá realizarse mediante concurso público ou mediante o procedemento de licitación restrinxida regulado no apartado 4 da disposición adicional décimo quinta, agás que se acorde a adquisición directa polas peculiaridades da necesidade a satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da adquisición resultante de acontecementos imprevisibles, ou a especial idoneidade do ben.

**1.3.- Con respecto á adquisición de bens e dereitos por doazón,** régúlase de xeito específico no artigo 12 do RB dispoñendo que: *“1. A adquisición de bens a título gratuito non estará suxeita a restrición algunha. 2. Non obstante, si a adquisición levava anexa algunha condición ou modalidade onerosa, só poderán aceptarse os bens previo expediente no que se acredite que o valor do gravame imposto non excede do valor do que se adquire. 3. A aceptación de herdanzas entenderase a beneficio de inventario.”*

O artigo 618 do Código Civil (norma do dereito privado á que cómpre acudir de conformidade cos artigos 1.2 f) do RB e 4 a 9 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público), define a doazón como o acto de liberalidade polo cal unha persoa dispón gratuitamente dunha cousa en favor doutra, que a acepta. Igualmente o artigo 623 do Código Civil (no sucesivo CC) dispón que a doazón perfeccionase dende que o donante coñece a aceptación do donatario, o artigo 629 CC que a doazón non obriga ao donante, nin produce efecto, senón desde a aceptación e o artigo 630 que o donatario debe, so pena de nulidade, acepta-la doazón por si, ou por medio de persoa autorizada con poder especial para o caso, ou con poder xeral e bastante. Destes artigos extraese a conclusión da necesidade de acepta-la doazón e comunicalo á persoa doante.

En canto á lexitimación, conforme ao artigo 624 CC, poderán facer doazón todos os que poidan contratar e dispoñer dos seus bens e conforme ao artigo 625 CC poderán aceptar doazón todos os que non estean especialmente incapacitados pola lei para elo.

Respecto á forma da doazón, o artigo 633 CC establece que para que sexa válida a doazón de cousa inmovible, farase en escritura pública, expresándose nela individualmente os bens doados e o valor das cargas que deba satisfacer o donatario. A aceptación poderá facerse na mesma escritura de doazón ou noutra separada; pero non surtirá efecto se non se fixese en vida do doante. Feita en escritura separada, deberá notificarse a aceptación en forma auténtica ao doante, e anotarase esta dilixencia en ambas escrituras.

## **SEGUNDA.-**



**2.1.-** No referente á competencia para a adquisición dos bens inmobles, de conformidade coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, nas entidades locais corresponde aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais a comparecencia para a celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesión sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de 3 millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

Corresponde ao Pleno a competencia para celebrar contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como o alleamento do patrimonio cando non estean atribuídas ao Alcalde ou ao Presidente, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

O exercicio desta competencia é delegable por un ou outro órgano na Xunta de Goberno Local (artigos 21.3 e 22.4 LRRL).

**2.2.- Polo que respecta ao procedemento para a adquisición de bens a título oneroso,** e acudindo ao disposto no artigo 11 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, en relación co disposto polo artigo 116.3 da Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, con carácter previo ao acordo do órgano competente será preceptivo o cumprimento dos seguintes trámites:

1.- A emisión dun informe ou memoria sobre a existencia do interese público na súa adquisición, e xustificación do procedemento de adquisición directa do ben polas características concorrentes na operación.

2.- A emisión dun informe pericial de taxación ou valoración do inmovible.

3.- A emisión do informe xurídico sobre a situación de regularidade do inmovible e as condicións da compravenda proxectada.

4.- A emisión do informe pola Intervención Municipal sobre a existencia de crédito ao efecto.

**2.3.- En canto ao procedemento para a adquisición de bens a título gratuito,** o artigo 12 do Regulamento de Bens das Entidades Locais soamente esixe previo expediente para o caso de que a adquisición levase anexa algunha condición ou modalidade onerosa, no que tería que acreditarse que o valor do gravame imposto non excede do valor do que se adquire. Entendese que non se considerará como un gravame, aos efectos do artigo 12.2 do RB, as inversións que teña que realizar o Concello para dar destino de uso xeral ou servizo público ao ben que se adquire.

A formalización do expediente requirirá, en todo caso:

- Comunicación do doante por escrito na que acredite a súa personalidade e capacidade de obrar, a súa vontade de doar, o poder outorgado si actúa mediante representación e a titularidade sobre o doado.
- Aceptación por parte do Concello mediante acordo do órgano competente.
- Notificación do acordo de aceptación do doante.
- Elevación da doazón a escritura pública.

### **TERCEIRA.-**



**3.1.-** No caso que nos ocupa, **trátase da adquisición a título oneroso, por medio dun contrato de compravenda**, do inmovible que se describe a continuación, cuxa documentación en relación á propiedade do mesmo foi recadada de oficio polo departamento de secretaría:

Descrición: Urbana: **casa de planta baixa e dous pisos, de 224,45 m2**, sita no lugar de Campos, parroquia de Carreira, municipio de Ribeira, e sinalada actualmente co número 28; que linda: Norte: resto parcela matriz; Sur: estrada DP 7305 De Ribeira a Aguiño por Carreira; Este, resto parcela matriz e estrada DP 7305 De Ribeira a Aguiño por Carreira; Oeste, parcela de referencia catastral 9100913MH9099N, **a segregar da seguinte finca:** Urbana: casa de planta baixa e dous pisos, de 224,45 m2, que ten unida pola súa dereita entrando unha casa de planta baixa, antiga, de 127,95 m2, e pola súa parte traseira un galpón de 125,20 m2, e dous cobertizos de 8 m2 cadrados cada un, situados un deles a continuación do galpón e o outro pola parte traseira da casa de planta baixa antiga, e un anaco de terreo denominado "Gabaseira" de 436,05 m2, formando o conxunto unha soa finca da superficie total de 929,65 m2, sita no lugar de Campos, sinalada actualmente cos números 28 e 26 (este último número corresponde á edificación mais antiga), parroquia de Carreira, municipio de Ribeira; que linda: Norte: parcelas de referencia catastral 9100934MH9190S, 9100906MH9190S e 9100910MH9099N; Sur, estrada DP 7305 De Ribeira a Aguiño por Carreira; Este, parcelas de referencia catastral 9100907MH9190S, 9100909MH9099N, 9100910MH9099N e estrada DP 7305 De Ribeira a Aguiño por Carreira; Oeste, parcelas de referencia catastral 9100903MH9190S e 9100913MH9099N.

Titular do inmovible: D. Ramón Mos Álvarez, veciño de Ribeira, con domicilio no lugar de Campos, nº 28, parroquia de Carreira, e titular do Documento Nacional de Identidade número 33161712J, en concepto de herdeiro da súa nai, D<sup>a</sup> Josefa Álvarez Suárez, titular do 100% do pleno dominio con carácter privativo.

Título: Herdanza, en virtude de escritura de entrega de legados e partición de herdanza, outorgada na data 20/03/2012, ante o Notario de Ribeira. D. Gonzalo Freire Barral, co número 254 do seu protocolo.

Inscrición: Non figura inscrita no Rexistro da Propiedade, segundo resulta da Nota Simple Negativa emitida na data 22/02/2021 polo Rexistro da Propiedade de Noia.

Referencia catastral: Conta con dúas referencias catastrais 9100912MH9099N0001BM e 9100911MH9099N0001AM.

Clasificación do solo: Urbano.

Cargas: Non constan.

**Á vista do exposto, resulta determinado o obxecto do contrato así como a capacidade de obrar dos contratistas, constando así mesmo a regularización do inmovible cuxa adquisición se pretende.**

**3.2.-** Así mesmo, **preténdese a adquisición a título gratuito, con condición onerosa, do inmovible que se describe a continuación**, da mesma propiedade co anterior:

Descrición: Urbana: **Parcela de 30,30 m2**, sita no lugar de Campos, parroquia de Carreira, municipio de Ribeira, e sinalada actualmente co número 26; que linda: Norte: parcela de referencia catastral 9100910MH9099N e a estrada DP 7305 De Ribeira a Aguiño por Carreira; Sur: resto da parcela matriz; Este: estrada DP 7305 De Ribeira a Aguiño por



Carreira; e Oeste, resto da parcela matriz, **a segregar da seguinte finca:** Urbana: casa de planta baixa e dous pisos, de 224,45 m<sup>2</sup>, que ten unida pola súa dereita entrando unha casa de planta baixa, antiga, de 127,95 m<sup>2</sup>, e pola súa parte traseira un galpón de 125,20 m<sup>2</sup>, e dous cobertizos de 8 m<sup>2</sup> cadrados cada un, situados un deles a continuación do galpón e o outro pola parte traseira da casa de planta baixa antiga, e un anaco de terreo denominado "Gabaseira" de 436,05 m<sup>2</sup>, formando o conxunto unha soa finca da superficie total de 929,65 m<sup>2</sup>, sita no lugar de Campos, sinalada actualmente cos números 28 e 26 (este último número corresponde á edificación máis antiga), parroquia de Carreira, municipio de Ribeira; que linda: Norte: parcelas de referencia catastral 9100934MH9190S, 9100906MH9190S e 9100910MH9099N; Sur, estrada DP 7305 De Ribeira a Aguiño por Carreira; Este, parcelas de referencia catastral 9100907MH9190S, 9100909MH9099N, 9100910MH9099N e estrada DP 7305 De Ribeira a Aguiño por Carreira; Oeste, parcelas de referencia catastral 9100903MH9190S e 9100913MH9099N.

**Titular do inmovible:** D. Ramón Mos Álvarez, veciño de Ribeira, con domicilio no lugar de Campos, nº 28, parroquia de Carreira, e titular do Documento Nacional de Identidade número 33161712J, en concepto de herdeiro da súa nai, D<sup>a</sup> Josefa Álvarez Suárez, titular do 100% do pleno dominio con carácter privativo.

**Título:** Herdanza, en virtude de escritura de entrega de legados e partición de herdanza, outorgada na data 20/03/2012, ante o Notario de Ribeira. D. Gonzalo Freire Barral, co número 254 do seu protocolo.

**Inscripción:** Non figura inscrita no Rexistro da Propiedade, segundo resulta da Nota Simple Negativa emitida na data 22/02/2021 polo Rexistro da Propiedade de Noia.

**Referencia catastral:** Conta con dúas referencias catastrais 9100912MH9099N0001BM e 9100911MH9099N0001AM.

**Clasificación do solo:** Urbano.

**Cargas:** Non constan.

**Á vista do exposto, resulta determinado o obxecto do contrato así como a capacidade de obrar dos contratistas, constando así mesmo a regularización do inmovible cuxa adquisición se pretende.**

#### **CUARTA.-**

De conformidade coa documentación obrante no expediente, en principio sería necesario que polo órgano municipal competente, se autorice unha previa segregación das parcelas obxecto de adquisición. Sen embargo, en informe emitido na data 06/08/2021 polo técnico de administración xeral adscrito ao departamento de urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, **infórmase favorablemente a innecesariedade da licenza de segregación para poder adquirir as parcelas antes descritas:** "CONCLUSIÓN: Polo anteriormente exposto visto o artigo 150.6.b) da LSG e o artigo 368.6.b) do RSLG, **infórmase favorablemente a viabilidade urbanística da innecesariedade da licenza de segregación da finca con referencia catastral 9100912MH9099N0001BM e 9100911MH9099N0001AM propiedade do Sr. Ramón Mos Álvarez (DNI 33.161.712-J), para ampliación de vial, isto é para execución e ampliación de infraestruturas.**"

**Consta, así mesmo no expediente, certificación gráfica e descritiva en coordenadas UTM, realizada polo arquitecto técnico Emilio J. Domínguez Rodríguez, necesaria para elevar a**



escritura pública as adquisicións que se pretenden ao ter que proceder á segregación da parcela de orixe.

#### **QUINTO.-**

**5.1.-** En relación ás actuacións formais necesarias para proceder á adquisición por medio do contrato de compravenda, consta no expediente informe técnico emitido polo arquitecto técnico Manuel Sabín Sabín, que valora o inmovible na contía de 180.043,50 euros.

En conversacións mantidas pola Alcaldía coa propiedade esta manifesta a súa vontade de vender o inmovible descrito polo prezo de 200.000 euros.

A este respecto, cómpre advertir que o informe pericial de taxación do inmovible é preceptivo conforme ao artigo 11 do RB, pero non vinculante, polo que se estima procedente a adquisición do mencionado inmovible polo prezo de 200.000 euros que solicita a propiedade.

En informe emitido na data 05/08/2021, resulta acreditado polo Sr. Interventor a existencia de crédito pola contía de 232.106,54 euros, na aplicación orzamentaria 933.60001. Polo que resulta acreditado a existencia de crédito suficiente e adecuado para a adquisición que se pretende.

Non se trata dun ben de valor histórico ou artístico, polo que non se precisa o informe do órgano estatal ou autonómico competente.

**A existencia do interese público deste contrato ven xustificada na Providencia da Alcaldía ditada na data 29/01/2021.**

**5.2.-** En canto ás actuacións formais necesarias para proceder á adquisición por doazón, consta no expediente informe técnico emitido polo arquitecto técnico Manuel Sabín Sabín, que valora o inmovible na contía de 28.255,50 euros.

Esta adquisición leva anexa a condición onerosa que consiste en que se retire a parede da edificación na parte que se cede, e se volva a reconstruír ata o teito na aliñación disposta pola normativa urbanística de aplicación, repoñendo tamén o material do tellado que, de ser o caso, se vise afectado polo derrubo da parte do inmovible obxecto de doazón. Esta condición ou gravame resulta valorado na contía de 28.036,63 euros, polo que o seu valor non excede do valor do que se adquire, cumpríndose así o esixido no artigo 12 do RB.

#### **SEXTA.-**

**6.1.-** En canto ao procedemento a seguir para a adquisición a título oneroso por medio de compravenda, o artigo 11 RB, ademais de esixir informe pericial previo cando se trata da adquisición de inmoables, esixe o cumprimento dos requisitos contemplados na normativa reguladora da contratación das Corporacións Locais.

A estes efectos, a adquisición dun ben inmovible é un contrato que ten carácter privado da Administración e réxese pola lexislación patrimonial, co así resulta dos artigos 4 e 9 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público. A referida Lei prevé que teñan a consideración de negocios e relacións xurídicas excluídos do ámbito da mesma *“Los contratos de compraventa, donación, permuta, arrendamiento y demás negocios jurídicos sobre bienes inmuebles, valores negociables y propiedade incorporales, a no ser que recaigan sobre programas de ordenador y deban ser calificados como contratos de suministro o servicios, que tendrán siempre el carácter de contratos privados y se registrarán por*



la legislación patrimonial.” E a lexislación patrimonial aplicable ás Entidades Locais na Comunidade Autónoma de Galicia está constituída polos preceptos básicos da Lei 33/2003, do 03 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, e do Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei 33/2003, os preceptos relativos ao Patrimonio da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (que no caso da adquisición de bens a título oneroso tamén se remite á normativa reguladora da contratación), e con carácter supletorio, os preceptos non básicos da Lei 33/2003 e do seu Regulamento e polo Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, o RB antes referido.

Así, e con relación ao procedemento, soamente procede a adquisición directa nos supostos seguintes: polas peculiaridades da necesidade a satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da adquisición resultante de acontecementos imprevisibles ou a especial idoneidade do ben (artigo 116.4 da Lei 33/2003).

Igualmente, poderá acordarse a adquisición directa nos seguintes supostos:

- Cando o vendedor sexa outra Administración pública ou, en xeral, calquera persoa xurídica de dereito público ou privado pertencente ao sector público.
- Cando fora declarado deserto o concurso promovido para a adquisición.
- Cando se adquira a un copropietario unha cota do ben, en caso de condominio.
- Cando a adquisición se realice en virtude dun dereito de adquisición preferente.

No presente caso, **no informe emitido na data 02/08/2021 pola enxeñeira municipal se xustifica a conveniencia da súa adquisición e a especial idoneidade do ben que se pretende adquirir:** *“No lugar de Campos, parroquia de Carreira, do municipio de Ribeira, existen dúas edificacións, unha sinalada co número 28 e outra (a mais antiga) sinalada co número 26, que están situadas na entrada da citada parroquia dende o cruce do Vilar. A fachada principal dos referidos inmobles linda coa estrada “DP-7305 De Ribeira a Aguiño por Carreira”, formando unha estreita e pechada curva coñecida co nome de “A Muiñeira”, que constitúe un perigoso funil para os vehículos que circulan pola mencionada estrada. Coa adquisición e posterior derrubo das citadas edificacións propiedade de D. Ramón Mos Álvarez, poñeríase fin a un problema histórico nun punto no que no paso de vehículos estreitase nunha pechada curva, sen visibilidade ao estar entre edificacións, e sen apenas espazo para os peóns. Así se indica na Providencia da Alcaldía de data 29/01/2021, pola que se inicia expediente administrativo para a adquisición de dous inmobles sitos no lugar de Campos, parroquia de Carreira, co fin de destinalos a ampliación de vial. A especial ubicación na que se atopan estes inmobles (á beira da DP-7305 De Ribeira a Aguiño por Carreira no lugar onde se forma a curva coñecida como “A Muiñeira”), fai que sexan especialmente idóneos ao obxecto da súa adquisición polo Concello para a eliminación da pechada curva existente na mencionada estrada, o que, claramente imposibilita a adquisición doutras fincas e xustifica plenamente a imposibilidade de promover a concorrencia de ofertas.”; o que xustifica plenamente o emprego da adquisición directa.*

**6.2.-** En canto ao procedemento a seguir para a adquisición a título gratuito faise referencia ó mesmo na Consideración Xurídica Segunda, apartado 2.3.

#### SÉTIMA.-

O valor do ben que se pretende adquirir non supera o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento da Corporación (2.000.564,50 euros) nin o importe de tres millóns, segundo resulta do informe emitido polo Interventor, polo que o órgano competente para acordala adquisición é a Xunta de Goberno Local, ao ter delegada esta competencia, en virtude do



Decreto de delegacións de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

**Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.**

Por elo, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 06/08/2021, e visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 06/08/2021, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Declarar a innecesariedade da licenza de segregación para adquirir os inmobles sitos no lugar de Campos, parroquia de Carreira, municipio de Ribeira, de conformidade co informe emitido na data 06/08/2021 polo técnico de administración xeral adscrito ao departamento de urbanismo.

**SEGUNDO.-** Segregar da finca que se describe a continuación as parcelas descritas de seguido:

- *Urbana: casa de planta baixa e dous pisos, de 224,45 m<sup>2</sup>, que ten unida pola súa dereita entrando unha casa de planta baixa, antiga, de 127,95 m<sup>2</sup>, e pola súa parte traseira un galpón de 125,20 m<sup>2</sup>, e dous cobertizos de 8 m<sup>2</sup> cadrados cada un, situados un deles a continuación do galpón e o outro pola parte traseira da casa de planta baixa antiga, e un anaco de terreo denominado "Gabaseira" de 436,05 m<sup>2</sup>, formando o conxunto unha soa finca da superficie total de 929,65 m<sup>2</sup>, sita no lugar de Campos, sinalada actualmente cos números 28 e 26 (este último número corresponde á edificación mais antiga), parroquia de Carreira, municipio de Ribeira; que linda: Norte: parcelas de referencia catastral 9100934MH9190S, 9100906MH9190S e 9100910MH9099N; Sur, estrada DP 7305 De Ribeira a Aguiño por Carreira; Este, parcelas de referencia catastral 9100907MH9190S, 9100909MH9099N, 9100910MH9099N e estrada DP 7305 De Ribeira a Aguiño por Carreira; Oeste, parcelas de referencia catastral 9100903MH9190S e 9100913MH9099N.*
- **PARCELA OBXECTO DE ADQUISICIÓN POR COMPRAVENDA:** *Urbana: casa de planta baixa e dous pisos, de 224,45 m<sup>2</sup>, sita no lugar de Campos, parroquia de Carreira, municipio de Ribeira, e sinalada actualmente co número 28; que linda: Norte: resto parcela matriz; Sur: estrada DP 7305 De Ribeira a Aguiño por Carreira; Este, resto parcela matriz e estrada DP 7305 De Ribeira a Aguiño por Carreira; Oeste, parcela de referencia catastral 9100913MH9099N.*
- **PARCELA OBXECTO DE ADQUISICIÓN A TÍTULO GRATUITO:** *Urbana: Parcela de 30,30 m<sup>2</sup>, sita no lugar de Campos, parroquia de Carreira, municipio de Ribeira, e sinalada actualmente co número 26; que linda: Norte: parcela de referencia catastral 9100910MH9099N e a estrada DP 7305 De Ribeira a Aguiño por Carreira; Sur: resto da parcela matriz; Este: estrada DP 7305 De Ribeira a Aguiño por Carreira; e Oeste, resto da parcela matriz.*

**TERCEIRO.-** Adquirir por adxudicación directa o inmovible referido a continuación, polo prezo total de 200.000 euros, que se fará efectivo mediante o correspondente talón/cheque nominativo coa sinatura da escritura pública de compravenda:



*“Urbana: casa de planta baixa e dous pisos, de 224,45 m<sup>2</sup>, sita no lugar de Campos, parroquia de Carreira, municipio de Ribeira, e sinalada actualmente co número 28; que linda: Norte: resto parcela matriz; Sur: estrada DP 7305 De Ribeira a Aguiño por Carreira; Este, resto parcela matriz e estrada DP 7305 De Ribeira a Aguiño por Carreira; Oeste, parcela de referencia catastral 9100913MH9099N.”*

**CUARTO.-** As partes vendedoras deberán quedar obrigadas á evicción e saneamento nos termos previstos no Código Civil para o contrato de compravenda.

**QUINTO.-** Aceptar a cesión gratuíta que fai ao Concello de Ribeira o Sr. Ramón Mos Álvarez, do seguinte inmovible: *“Urbana: Parcela de 30,30 m<sup>2</sup>, sita no lugar de Campos, parroquia de Carreira, municipio de Ribeira, e sinalada actualmente co número 26; que linda: Norte: parcela de referencia catastral 9100910MH9099N e a estrada DP 7305 De Ribeira a Aguiño por Carreira; Sur: resto da parcela matriz; Este: estrada DP 7305 De Ribeira a Aguiño por Carreira; e Oeste, resto da parcela matriz.”*, aprobando a condición imposta de que se retire a parede da edificación na parte que se cede, e se volva a reconstruír ata o teito na aliñación disposta pola normativa urbanística de aplicación, repoñendo tamén o material do tellado que, de ser o caso, se vise afectado polo derrubo da parte do inmovible obxecto de doazón.

**SEXTO.-** O fin dos inmovibles que se pretenden adquirir é para o seu destino ao servizo público, en concreto para proceder ó seu derrubo co fin de eliminar unha estreita e pechada curva da estrada DP 7305 De Ribeira a Aguiño por Carreira, ampliando así a mencionada estrada provincial.

**SÉTIMO.-** Inscribir os inmovibles adquiridos no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo, unha vez perfeccionada a súa adquisición, así como no Rexistro da Propiedade de Noia.

**OITAVO.-** Facultar ao Sr. Alcalde para que subscriba todos os documentos que se deriven do expediente, entre eles a sinatura da escritura pública de adquisicións dos bens inmovibles, sendo por conta do Concello todos os gastos e impostos derivados destas adquisicións agás o Imposto Municipal sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana (plusvalía).

**NOVENO.-** Calquera cuestión litixiosa que poida xurdir que afecte á propiedade en si do ben, dilucidarase ante a xurisdición civil.

**DÉCIMO.-** Notificar o presente acordo aos interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, significándolles que deberán comparecer no momento en que sexan emprazados para proceder a elevar a escritura pública das adquisicións referidas.

**A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:00 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.**

